

PEREIRA VALCÁRCEL, Manuel (2018): *Albas e Epílogos / Albas y epílogos* (con ilustracións de de Ana Cristina Lapiedra Argachal). Pontevedra: Edicións Fervenza, 115 pp.

Albas e Epílogos continúa a liña temática marcada polo seu autor, Manuel Pereira Valcárcel, xa na súa primeira obra: *Poemas de cinza*. Neste caso os lectores estamos perante as mesmas constantes que nos seus libros anteriores: o tempo e as lembranzas. En *Albas e Epílogos* o tempo marca a existencia a través das súas portas, que se abren e pechan cos diferentes membros, e acaban por unirmos máis á vida ou separarnos dela. O verso “A vida, un enxoval de perdas” condensa o sumario de *Albas e Epílogos*. Aínda con todo, o libro é moito máis ca iso; son os recordos de infancia que veñen á memoria, as novas etapas coas que nos sorprende unha e outra vez a vida, os seres amados que xa marcharon, a fin dos días, pero tras da noite, sempre, a esperanza dun novo abrente... Como sinala o autor na parte final desta obra (*Alba e epílogo deste libro*): “escribín baixo a idea de inicio e conclusión, esas sensacións contrarias que conforman, dalgún xeito, a nosa vida” (p. 112). Polo tanto, o autor prosegue nesta obra, como nas anteriores, o que se deu en chamar poesía intimista.

Os poemas mostran experiencias vitais que ben poderíamos atopalas nas *Sonatas* que teñen como protagonista o Marqués de Bradomín de Valle-Inclán. As estacións fian a existencia humana do mesmo xeito que compoñen a vida das persoas, e tamén simbolizan o seu estado de ánimo: a primavera e o verán son a esperanza e, polo tanto, a vida; o outono e o inverno son a melancolía, a noite, a morte, que acabará por chegar aínda que a rexeitemos.

A vida é un enxoval de perdas e *Albas e Epílogos* é un enxoval de poemas e ilustracións conformadas de cores frías que carecen de luminosidade (azuis mariños, azuis escuros, grises e negros), pero que marcan e intensifican o título desta obra.

Xoga a voz poética cos sentidos, que representan sentimentos que nos envolven e devolven a lugares que nos foron próximos. As viaxes –non podía ser doutro xeito tratándose da

obra de Manuel Pereira– comparten protagonismo coas lembranzas –pois van da man– e, polo tanto, traen cambios e sensacións novas.

Encontrámonos perante unha poesía que é camiño, símbolo... que se mostra chea de influencias de Rubén Darío e Antonio Machado. O camiño que é a vida, pero acaba na morte é unha constante en *Albas e Epílogos*. Tamén abundan as identificacións da nosa existencia cos ríos, os mares e as praias mostrando como nos atopamos co efémero unha e outra vez sen poder fuxir. Jorge Manrique e as súas coplas déixanse ver en repetidas ocasións coa simboloxía da auga, que transmite ese movemento constante que é a vida humana. Nunha das ilustracións (a da p. 33) podemos ollar un home navegante sobre o barco da vida fronte ao mar.

Co uso e co abuso, aínda que apropiado, das diferentes partes do ano e do día que esborexen e que, inevitablemente, non podemos deter, establece a voz poética a vida como un camiño cheo de sensacións e experiencias, moitas delas reiterativas aínda que con imprevistos –perdas na meirande parte das ocasións– que desbaratan o noso ser por completo. Eses anos que conforman as nosas vidas son os reloxos, figuras cotiás arredor das cales construímos os tellados da nosa realidade. E a ilustradora Ana Cristina Lapiedra inclúe un –non podía faltar– na p. 45 do libro.

As liñas temáticas doutras obras de Manuel Pereira volven de novo con forza: a falla dos seres queridos que xa non se encontran connosco (ben porque morreron ou ben porque viven lonxe) percorren tamén este poemario, ao igual que acontecía con *Todo morte*. Ten sentido que así sexa porque a vida é sempre morte: son ambas as caras da mesma moeda. Estamos condicionados por ela, que vemos afastada pero que nos agarda a todos. Está presente tamén a choiva que nos deprime e marca dalgún xeito o carácter melancólico e morriñento dos galegos.

Ao mesmo tempo este libro recolle o carácter de *Rosa íntima*, morte e amor como pilas-tras fundamentais da nosa existencia e, xunto a elas e conectadas ás diferentes partes das nosas vidas: nenez, madurez e vellez. O efémero é unha constante na obra de Manuel Pereira que acompaña de fortes imaxes. A oposición frío-calor asociada ao malo e ao bo da vida; aínda con todo os poemas, como a nosa existencia, aloxan unha esperanza que poña luz de novo, que adoita chegar vestida de alborada ou, incluso, de primavera.

Lonxe da dor e os afluentes,
unha senda coa luz
que inicia a alba.

Unha das citas do libro non nos deixa indiferente: “Volve sempre a primavera. E volve o inverno, tamén”, de Xulio Valcárcel en *Límites*. Esa primavera e ese inverno deste verso conxúgaos a voz poética de *Albas e Epílogos* coa morte ou as viaxes. Estas simbolizan fragmentos, algúns bos e outros non; de novo, volvemos a outra das obras de Manuel Pereira, pois neste caso podemos atopar unha relación moi estreita entre este poemario e *Inventario de fragmentos*, un libro de prosa poética onde, tras lelo, apodérase do lector unha sensación de inqueda que nos impide sentir calma. Este sentimento de desasego está moi ben transmitido na obra de Pereira Valcárcel. Aínda que tras del hai sempre un lugar para a fe; os seus poemas invitan á reflexión e á cavilación pois os cambios acaban por estruturar as nosas vidas e así é como se organizan as súas etapas. Por exemplo, do mesmo xeito que se produce a perda dun ser moi querido, tamén chegan novos seres que axudan a facer o camiño moito máis levadío. Así nos atamos á nostalxia polo que tamén pode haber un medo a vivir que vén sendo lóxico e esperable. Que chegue alguén co que non contamos e nos dea esa esperanza tan necesaria, pois a vida aí vémolos como un enxoval de perdas.

Pero na vida sempre chegamos a atopar esa fe necesaria por pequeniña que sexa. A voz poética móvese continuamente entre a nostalxia da choiva e os sentimentos que nos traen os diferentes fenómenos meteorolóxicos. O tempo, sempre nos ata e nos condena a realizar ou non os proxectos da vida. Pero todo ten sempre a súa parte boa. Aínda con todo a esperanza pode perderse, desaparecer. A vida é unha viaxe na que hai que incluír pasaxeiros cos que compartimos medios de transporte e etapas das nosas vidas. Sempre ao final fica a morte porque é algo que acaba chegando. Pero o camiño cara a ela é bo

pola compañía. Porén, o finamento é unha labazada incontrolable que nos achega á realidade vital. Hai que vivir no presente, pero inevitablemente botamos os ollos ao pasado e ao futuro. É unha sorte de medo á vida: “Cando non esperta o sol e a lúa desaparece. / Cando vai frío e a túa ollada sucumbe. / Cando os horizontes esvaeccen. / A esperanza é o primeiro que se perde”. A pesar disto, sempre hai un fio de ilusión:

Non as vemos,
mais están,
serenamente,
sobre as sombras
e as marés,
as altas aves da esperanza.

Ese dezo ou esperanza forma parte da vida, pois esta acaba por ser unha suma: inicio e conclusión, claridade e sombra, intres e sensacións. A vida é acción e consecuencia e as súas sacudidas son sinais, atrás delas sempre hai que ter presente a fe; ese optimismo que ao longo do libro comparte a voz poética: eses fermosos momentos cos que non contamos, as flores, as paisaxes, os novos días, os nenos... traen a esperanza que nos nutre de forza. *Albas e Epílogos* é, polo tanto, froito dunha madurez vivida e reflexionada que Manuel Pereira Valcárcel, a través da voz poética, acaba por revelar; son vinte anos de experiencias os que conforman esta obra; vexamos como remata: Madrid - Ouzande - Zaragoza, de 1997 a 2017.

Por iso é mellor que as cousas pasen. Manuel Pereira recolle na parte final de *Albas e Epílogos* a seguinte cita de Franco Grande “As cousas pasan i é millor que pasen”; así nolo explica o propio autor na parte final:

En 1997, pouco despois de iniciada a tertulia do grupo Bilbao no vello Café Comercial, ofrecéusenos a posibilidade de publicar un libro colectivo con poemas de todos. Pero cando xa estaban escritos e entregados, o proxecto fannouse. «As cousas pasan i é millor que pasen», deixou dito Franco Grande. Neste caso, o que pasou é que aquel libro foise cara ao limbo; e os poemas, aos caixóns dos autores que andabamos cos versos a voltas. A miña achega consistía en dezasete poemas, que verían a luz en 2001, no número 6 da revista *Serta*, da Universidad Nacional de Educación a Distancia. A pesar desta edición en revista e da paralización daquel libro, eu seguín escribindo.

Velaquí o froito; esta magnífica achega á literatura galega do século XXI.

María Curros Ferro
mcsantiago@gmail.com